

Titoría

1 ESO



Titoría

1 ESO



BIBLIOTECA DO PROFESORADO

Titoría

1 ESO

- Proposta de 22 sesións de traballo repartidas en trimestres
- As sesións organízanse arredor de cinco grandes bloques temáticos:
 - O grupo
 - Mellorar o estudo
 - Hábitos saudables
 - A convivencia
 - A toma de decisións

Titoría

1

ESO



Presentación	4
---------------------------	---

SESIÓN DE TITORÍAS

1. Coñecer os membros do grupo	6
2. Presentación da ESO e da titoría	8
3. Presentación e obxectivos do grupo	10
4. Dereitos e deberes dos alumnos. Normas de convivencia	12
5. Elección de delegado e outros cargos	14
6. Programación do estudo: axenda, planificación e horario	16
7. O almorzo	18
8. O respecto polos profesores e compañeiros do centro	20
9. Atención, concentración e memorización	22
10. A competencia lectora	24
11. A hixiene	26
12. O deporte	28
13. O acoso escolar. Videoforo I. Antes de ver <i>Covardes</i>	30
14. O acoso escolar. Videoforo II. Despois de ver <i>Covardes</i>	32
15. Traballo en equipo: toma de decisións colectiva	34
16. Subliñado, resumo e esquema	36
17. A televisión	38
18. O uso do móbil	40
19. O valor da amizade	42
20. Promoción a 2.º de ESO	44
Sesión Preavaliación	46
Sesión Postavaliación	48

Axenda de titoría	51
--------------------------------	----

PRESENTACIÓN

A titoría, encamiñada ao acompañamento e seguimento dos alumnos no seu proceso de aprendizaxe, constitúe unha tarefa pedagóxica de todo o profesorado, pero, de xeito específico, é o profesor-titor quen a desenvolve co seu grupo. A acción tutorial forma parte da acción educativa e a figura do profesor-titor ten especial relevancia por estar en contacto coas familias e co resto do profesorado.

Entendida a titoría como un recurso educativo ao servizo da aprendizaxe, ofrecemos aquí unha proposta didáctica que sirva como pauta ou apoio ao docente non orientador para planificar e desenvolver as súas sesións de titoría ao longo do curso. Esta proposta concrétase en vinte sesións, que se reparten nos tres trimestres do curso escolar e se organizan arredor de cinco grandes bloques temáticos: O grupo, Mellorar o estudo, Hábitos saudables, A convivencia e A toma de decisións; a elas engádense as sesións de Avaliación, xa sexan de Preavaliación (ao final de cada trimestre) ou de Postavaliación (ao comezo do segundo e do terceiro trimestres).

Primeiro trimestre

Bloques	Sesións
O grupo	1. Coñecer os membros do grupo
	2. Presentación da ESO e da titoría
	3. Presentación e obxectivos do grupo
	4. Dereitos e deberes dos alumnos. Normas de convivencia
	5. Elección de delegado e outros cargos
Mellorar o estudo	6. Programación do estudo: axenda, planificación e horario
Hábitos saudables	7. O almorzo
A convivencia	8. O respecto polos profesores e compañeiros do centro
Avaliación	Preavaliación primeira

Segundo trimestre

Bloques	Sesións
Avaliación	Postavaliación primeira
Mellorar o estudo	9. Atención, concentración e memorización
	10. A competencia lectora
Hábitos saudables	11. A hixiene
	12. O deporte
A convivencia	13. O acoso escolar. Videoforo I. Antes de ver a película <i>Covardes</i>
	14. O acoso escolar. Videoforo II. Despois de ver a película <i>Covardes</i>
A toma de decisións	15. Traballo en equipo: toma de decisións colectiva
Avaliación	Preavaliación segunda

Terceiro trimestre

Bloques	Sesións
Avaliación	Postavaliación segunda
Mellorar o estudo	16. Subliñado, resumo e esquema
Hábitos saudables	17. A televisión
	18. O uso do móbil
A convivencia	19. O valor da amizade
A toma de decisións	20. Promoción a 2.º de ESO
Avaliación	Preavaliación terceira

Este material ten como obxectivo traballar técnicas de estudo, desenvolver habilidades e reflexionar sobre cuestións importantes acordes co desenvolvemento persoal e formativo dos alumnos de 1.º de ESO. As sesións secuenciáronse tendo en conta as características específicas deste nivel, así como a progresión na aprendizaxe e as vivencias dos alumnos, desde que se inician no novo curso e no grupo ata a reflexión sobre o seu futuro escolar e a autoavaliación final. Pero a orde que aquí se propón pode ser alterada de acordo coas necesidades e cos tempos do grupo. Ninguén mellor ca o profesor-titor coñece as circunstancias e posibilidades do seu grupo e é el quen, desde o seu coñecemento e a súa experiencia, dará todo o seu sentido a este material de apoio.

Así mesmo, o material que aquí se presenta responde a unha formulación eminentemente práctica. Cada sesión consta de dúas páxinas:

- A primeira páxina está destinada ao profesor. Inclúe propostas didácticas xunto con indicacións e suxestións sobre a documentación e os materiais que se poden utilizar, ademais dalgunhas pautas para a valoración da sesión.
- A segunda páxina é material fotocopiable, dirixido ao alumno. Consta dunha ou varias fichas de traballo, segundo como se desenvolve o tema da sesión, e en ocasións inclúe tamén cadros informativos ou de resumo.

Suxestións para o profesor

- Obxectivos da sesión.
- Proposta de actividades.
- Suxestións didácticas: documentación, materiais complementarios...

3 Presentación e obxectivos do grupo

OBJECTIVOS

- Reconocer como grupo e ser un ambiente de diálogo, colaboración e cohesión.
- Discutir a importancia de colaborar para un mellor funcionamento de equipo.
- Reflexionar sobre a importancia da participación e a colaboración do grupo.

CONTIDO / DESENVOLVIMENTO

- O titor poderá organizar a actividade explicando a importancia de crear obxectivos comúns entre os membros do grupo. (Duración aproximada: 5 minutos).
- O titor explicará aos alumnos a ficha de traballo e os obxectivos e pedirá que compoñan a primeira parte do traballo individual. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Adaptada esta tarefa, o titor dividirá a clase en pequenos grupos de alumnos co fin de compartir e comentar as ideas para elaborar os obxectivos, que deberán estar presentes na segunda parte da ficha enviado o meu grupo. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Depois, fíxase unha pausa en común na que se recollan de cada grupo os obxectivos e as respostas. O titor promoverá un debate respectivo para crear uns obxectivos comúns de grupo e un compromiso por parte de cada un dos seus membros. (Duración aproximada: 10 minutos).
- O titor vai explicando as respostas no momento e na medida das dúbidas dos grupos, trasladando a unha cartolina, que se gardará despois na parede da aula. (Duración aproximada: 10 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- O titor deberá motivar e implicar a todos os membros do grupo.
- É importante que todos, ademais, se comprometan a responsabilidade e a participación para un mellor funcionamento da clase.

MATERIAS

- Ficha de traballo enviado o meu grupo.
- Brindado ou rotulador.
- Cartolina.

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Imaxino o meu grupo

Individualmente

Responde individualmente as seguintes preguntas:

- Como che gustaría que fose o teu grupo?
- Que resposta dar?
- Que te pides ao grupo?
- Que creas que podes chegar a?
- Que obxectivos poderíades ter como grupo neste curso académico?

En grupo

Responde tres preguntas das que desas individualmente, coas que vos identificades como grupo ou coas que estades máis de acordo:

1. _____
2. _____
3. _____

En conclusión, que obxectivos comúns poderíades ter neste curso académico?

Consenso de todo o grupo

Responde dúas preguntas de entre as que fíxestes antes, as que fíxestes antes, reflicte os obxectivos do grupo para este novo curso académico:

1. _____
2. _____

Escríbelas nunha cartolina, que podes colgar na aula como recordatorio.

Material para o alumno

- Fichas de traballo con dinámicas diferentes: individuais ou en grupo.
- Información relevante sobre o tema da sesión.
- Cadro-resumo das cuestións tratadas.

Coñecer os membros do grupo

OBXECTIVOS

- Realizar unha acollida cálida, afectiva e próxima aos alumnos novos do centro.
- Ofrecer un espazo para que os membros do novo grupo se vaian coñecendo.
- Fomentar o coñecemento e a cohesión grupal.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión presentándose e dando a benvinda aos alumnos novos do centro e aos que repetisen. Exponse a importancia dun clima e unha cohesión que favorezan a convivencia en grupo e o rendemento académico. (Duración aproximada: 5 minutos).
- O titor presenta a actividade de dinámica de grupo: «Quen coñece a quen». Reparte un folio a cada alumno para que fagan cadansúa ficha e escriba nela os datos solicitados. (Duración aproximada: 5 minutos).
- Finalizado este proceso, cada alumno preséntase en voz alta. Tras as presentacións, o titor recolle as tarxetas de «Quen coñece a quen». A continuación, comeza o xogo de adiviñar realmente quen é quen. (Duración aproximada: 15 minutos).
- O titor, nun primeiro momento, solicita un voluntario para describir a primeira tarxeta. Para isto, os alumnos deben ir realizando preguntas que teñan que ver co que se lles pediu, co fin de adiviñar quen é o alumno descrito. Os alumnos van deducindo quen se esconde detrás de cada tarxeta. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Despois de que adivinasen cada tarxeta, faise un resumo completo da caracterización, respondendo a pregunta «Quen coñece a...?». (Duración aproximada: 5 minutos).
- Finalmente, o titor pide aos alumnos que colguen as tarxetas no taboleiro de anuncios da clase durante unha semana. (Duración aproximada: 5 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- É necesario que o titor coide as habilidades sociais e de comunicación.
- Recoméndase a participación de todos os alumnos e é imprescindible ter en conta as diferentes personalidades e características de cada alumno.

MATERIAIS

- Ficha de traballo «Quen coñece a quen».
- Exemplos de preguntas para o xogo.
- Folios e bolígrafos de dúas cores.

Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 1

Quen coñece a quen

Descríbete brevemente a través desta ficha. Sigue para isto as seguintes consignas:

- 1** Pon na folla o título: «Quen coñece a quen» e escribe os datos que se che piden nos espazos indicados a continuación:
 - Centro da folla: nome e apelidos; tamén un alcume que che guste.
 - Ángulo superior dereito: dúas calidades positivas que te describan.
 - Ángulo superior esquerdo: dúas características de ti que non che gusten especialmente.
 - Ángulo inferior dereito: dúas cousas que che gusten e unha que che moleste ou che desagrade.
 - Ángulo inferior esquerdo: o teu cantante, actor, deportista, serie de televisión, etc., favoritos. Escribe tamén se che gusta estudar e cales son as túas materias preferidas.
- 2** Entrega a túa tarxeta ao titor para que comece o xogo.
- 3** Está atento ás descricións das demais tarxetas para acertar quen é o alumno descrito.

EXEMPLOS DE PREGUNTAS

- **Calidades:** Es ordenado? Es sincero? Enfádaste decontado?...
- **Afeccións:** Gústache xogar ao fútbol? Gústanche os videoxogos? Gústache o cine? Gústache ler?...
- **Preferencias:** Prefires os cómics a outro tipo de lectura? Gústanche as motos?...
- **Situacións molestas, desagradables, incómodas...**: Moléstache que te interrompan cando estás falando? Dóече que che mintan? Aféctache que se metan co teu físico?...
- **Gustos:** Gústache a canle de deportes? Cal é o teu cantante favorito? Que che gusta ver na tele?...

Son moi teimuda
e enfádome decontado.

Son sincera
e optimista.

Mariña Amigo Ruiz
Mara

O meu grupo favorito
é Maroon 5.

Encántanme os cómics
e facer deporte.

A miña serie favorita
é Big Bang Theory.

Non soporto
as murmuracións.

Gústanme as Mates
e a Plástica.

Presentación da ESO e a tutoría

OBXECTIVOS

- Dar a coñecer as características da Educación Secundaria Obrigatoria.
- Expoñer o plan de estudos de 1.º de ESO.
- Ofrecer pautas que axuden o alumnado a superar con éxito este curso académico.
- Presentar o traballo que se realiza na tutoría en Educación Secundaria Obrigatoria.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor pode comezar a actividade formulándolles aos alumnos as seguintes preguntas (duración aproximada: 10 minutos):
 - Como credes que é 1.º de ESO?
 - Que diferenzas atopades con respecto a 6.º de Educación Primaria?
 - Que medos tedes?
 - Que pensades que ides tratar nas sesións de tutoría?
- Despois, é conveniente que o titor explique á clase as características da ESO, as materias que se estudan nesta nova etapa e que dea información básica sobre o curso e sobre cal será a formulación das tutorías. Para isto, repartirá aos alumnos o material que se ofrece nesta sesión. (Duración aproximada: 15 minutos).
- A continuación, o titor pode dividir a clase en pequenos grupos para que reflexionen sobre as recomendacións que lles darían a outros compañeiros para ter un adecuado rendemento escolar. (Duración aproximada: 15 minutos).
- No grupo xeral da clase preséntanse as conclusións, que o titor poderá ir anotando no encerado mentres fai un balance das pautas necesarias para conseguir o éxito escolar. (Duración aproximada: 10 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- Cómpre que o titor recorde aos alumnos o horario escolar, as horas de atención para os pais e as datas das avaliacións.
- É fundamental que os alumnos rexistren esta información na axenda escolar.
- Así mesmo, o titor debe intentar motivar os alumnos facéndolles ver posibilidades de éxito e inculcándolles actitudes positivas de traballo, como o esforzo e a responsabilidade.

MATERIAIS

- Información sobre as características da ESO, o plan de estudos de 1.º de ESO e algunhas pautas para o éxito escolar.

Nome: Curso: Data:

Características da ESO

- A ESO é unha etapa educativa que se cursa, de forma ordinaria, entre os 12 e os 16 anos.
- Está dividida en catro cursos e nela abórdanse algunhas materias similares ás cursadas en Primaria e outras materias novas, como Tecnoloxía. Cóntase cunha hora semanal (50 minutos aprox.) de tutoría.
- A avaliación é continua e diferenciada por materias. Os alumnos poderán pasar ao curso seguinte cun máximo de materias suspensas. Con carácter xeral, cada curso poderá repetirse unha soa vez.
- Ao finalizar a etapa obtense o título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria, que dá acceso aos estudos de Bacharelato e aos Ciclos Formativos.
- É a etapa en que hai un número maior de profesores, cada un dos cales imparte unha materia.

Plan de estudos de 1.º de ESO

	Troncais (5) Mínimo 50% do horario	Específicas (mínimo 3-máximo 6)
1.º ESO	• Lingua Galega e Literatura* • Lingua Castelá e Literatura • Primeira lingua estranxeira • Xeografía e Historia • Bioloxía e Xeoloxía • Matemáticas *No currículo considérase materia de libre configuración autonómica, pero recibe o mesmo tratamento ca Lingua Castelá.	Sempre: • Educación Física • Relixión ou Valores Éticos Entre 1 e 4: • Tecnoloxía • Música • Educación Plástica, Visual e Audiovisual • Segunda lingua estranxeira • Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial • Cultura Clásica • Relixión (se non se elixiu antes) • Valores Éticos (se non se elixiu antes)

Recomendacións para 1.º de ESO

Na ESO a extensión e profundidade dos contidos das materias é maior ca en Primaria. Por isto cómpre:

- Ter unha maior autonomía no traballo da aula: un profesor imparte cada materia.
- Seguir métodos distintos aos de Primaria; a ESO require maior atención e concentración na clase e certa capacidade de adaptación ao estilo pedagóxico de cada profesor.
- Adquirir hábitos de traballo diario na casa: dúas horas de tempo de estudo, que sería conveniente compatibilizar con outras actividades deportivas ou culturais.
- Planificar adecuadamente o tempo dedicado ao estudo co obxecto de preparar controis e exames máis espaciados e cunha esixencia maior de contidos. É fundamental programar os repasos neste tempo.

Presentación e obxectivos do grupo

OBXECTIVOS

- Recoñecerse como grupo e xerar un ambiente de dinamismo, solidariedade e creatividade.
- Descubrir a importancia de colaborar para un mellor funcionamento de equipo.
- Recapacitar sobre o que os alumnos esperan e solicitan do grupo.
- Reflexionar sobre o nivel de implicación e participación dos membros do grupo.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor pode comezar a actividade explicando a importancia de crear obxectivos comúns entre os membros do grupo. (Duración aproximada: 5 minutos).
- O titor reparte aos alumnos a ficha de traballo «Imaxino o meu grupo» e pídelle que complete a primeira parte de maneira individual. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Finalizada esta tarefa, o titor divide a clase en pequenos grupos de alumnos co fin de compartir e consensuar as súas ideas para elaborar outras comúns, que deberán deixar por escrito na segunda parte da ficha «Imaxino o meu grupo». (Duración aproximada: 15 minutos).
- Despois, farase unha posta en común en que os portavoces de cada grupo comunican as respostas. O titor promoverá un debate respectuoso para crear uns obxectivos comúns de grupo e uns compromisos por parte de cada un dos seus membros. (Duración aproximada: 10 minutos).
- O titor irá escribindo as respostas no encerado e os portavoces dos distintos grupos trasladaranas a unha cartolina, que colgarán despois na parede da aula. (Duración aproximada: 10 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- O titor intentará motivar e implicar a todos os membros do grupo.
- É importante que insista, ademais, na importancia da responsabilidade e a participación para un mellor funcionamento da clase.

MATERIAIS

- Ficha de traballo «Imaxino o meu grupo».
- Bolígrafos ou rotuladores e unha cartolina A3.



Nome: _____

Curso: _____

Data: _____

Ficha de traballo 1**Imaxino o meu grupo****Individualmente**

Responde individualmente as seguintes preguntas.

- Como che gustaría que fose o teu grupo?

.....

- Que esperas del?

.....

- Que lle pides ao grupo?

.....

- Que cres que podes achegar ti?

.....

- Que obxectivos poderíades ter como grupo neste curso académico?

.....

En grupo

Elixide tres respostas das que derades individualmente, coas que vos identifiqúedes como grupo ou coas que esteades máis de acordo.

1

2

3

En conclusión, que obxectivos comúns poderíades ter neste curso académico?

.....

.....

Consenso de todo o grupo

Elixide dúas respostas de entre as que se achegaron que, na vosa opinión, reflictan os obxectivos de grupo para este novo curso académico.

1

2

Escribídeas nunha cartolina, que podedes colgar na aula como recordatorio.

Dereitos e deberes dos alumnos.

Normas de convivencia

OBXECTIVOS

- Dar a coñecer aos alumnos cales son os seus dereitos e deberes.
- Reflexionar sobre a importancia de cumprir cos deberes para que haxa unha boa convivencia no centro.
- Consensuar entre toda a clase as normas de convivencia para un mellor aproveitamento na aula e para gozar dun bo clima entre os membros do grupo.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor pode iniciar a sesión preguntándolles aos alumnos cales cren que son os seus dereitos e os seus deberes no centro. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, o titor divide a clase en pequenos grupos e, a partir do Regulamento de Réxime Interior, facilita a cada grupo de alumnos unha lista con dereitos e deberes concretos respecto á vida no centro para que os analicen. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Cada pequeno grupo elixe un portavoz, que comentará ao conxunto da clase os dereitos e deberes que lle corresponden ao seu grupo. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Finalizada a primeira parte da sesión, o titor divide a clase en grupos de tres alumnos e pídelle que reflexionen sobre as normas básicas de comportamento que todos deberán cumprir para asegurar o bo funcionamento da clase, as responsabilidades que cada estudante deberá asumir, así como as consecuencias negativas que implicaría que esas normas non se cumprisen. Os alumnos recollen as conclusións do seu grupo na ficha de traballo «Normas de convivencia». (Duración aproximada: 15 minutos).
- No conxunto da clase, cada grupo especifica dúas normas de comportamento, que o titor irá apuntando no encerado. Despois, farase unha análise das máis repetidas e consensuaranse para elaborar un cartel, que quedará exposto na clase durante todo o curso escolar. (Duración aproximada: 10 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- É importante facer fincapé na necesidade dunhas normas de convivencia consensuadas e axustadas ás características do grupo.

MATERIAIS

- Extracto dos Dereitos e Deberes dos alumnos do Real Decreto 732/1995 de 5 de maio.
- Ficha de traballo «Normas de convivencia».
- Cartolina, bolígrafos e rotuladores.

Nome: _____

Curso: _____

Data: _____

Extracto dos dereitos e deberes dos alumnos. Real Decreto 732/1995 de 5 de maio

TÍTULO II: Dos dereitos dos alumnos

1. Recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
2. Ter unha xornada de traballo escolar axeitada á súa idade.
3. Que non os discriminen por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidade físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
4. Respecto á súa liberdade de conciencia, conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións.
5. A manifestar a súa discrepancia respecto ás decisións educativas que os afecten.
6. A que o rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade.
7. A que o Instituto garde reserva sobre toda a información de que dispoña acerca das circunstancias persoais e familiares do alumno.

TÍTULO III: Dos deberes dos alumnos

1. Asistir á clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo.
2. Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
3. Seguir as orientacións do profesorado respecto á súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
4. Respectar o exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros.
5. Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
6. Respectar o proxecto educativo ou o carácter propio do centro, de acordo coa lexislación vixente.

Ficha de traballo 1

Normas de convivencia

Fai unha táboa coma esta no teu caderno e escribe as normas de convivencia que consensuastes no teu grupo, as responsabilidades que implican e as consecuencias negativas que implicaría non cumprilas.

NOME DO GRUPO: _____ Data: _____

NORMAS DE CONVIVENCIA	RESPONSABILIDADES	CONSECUENCIAS NEGATIVAS
Manter limpas as mesas.	Cada alumno debe ocuparse de ter a súa mesa limpa.	En caso de que un alumno pintase unha mesa, deberá axudar a limpar todas as mesas da aula.

Elección de delegado e outros cargos

OBXECTIVOS

- Ensinarlles aos alumnos a importancia da participación na dinámica do centro, a través da figura do delegado.
- Coñecer e valorar as funcións do delegado para elixir un compañeiro que cumpra este perfil.
- Conseguir que os alumnos elixan democraticamente e de forma responsable o delegado e o subdelegado da aula.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- Nesta sesión o titor comezará pedíndolles aos alumnos que digan, a partir do cadro de funcións que se lles facilita, que calidades cren que debe ter o delegado. Para isto utilizan a ficha «Características dun bo delegado». (Duración aproximada: 10 minutos).
- Finalizada esa primeira tarefa, é conveniente que o titor faga fincapé en que todos os alumnos poden ser candidatos e que é necesaria a participación e implicación de todos eles no centro educativo. (Duración aproximada: 5 minutos).
- No caso de que se presenten varios candidatos, realizarase un debate entre eles en que cada un defenderá a súa candidatura. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Despois, deberase conformar a mesa de votación. A configuración da mesa será a seguinte: o titor actuará como presidente e dous alumnos que non sexan candidatos, o de menor e o de maior idade da clase, desempeñarán as funcións de secretario e vogal, respectivamente. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, todos os alumnos irán introducindo as papeletas cos seus votos nunha urna. Posteriormente, realizarase o recuento das papeletas e procederase a levantar acta da sesión co resultado que ofrecen. Será elixido delegado o candidato que obteña a maioría máis un dos votos, e subdelegado, o seguinte en acumulación de votos. (Duración aproximada: 15 minutos). A acta entregárase ao xefe de estudos do centro.

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- Na documentación do alumno detállanse algunhas das características que debe ter un delegado e cales deberán ser as súas funcións; algunhas delas, derivadas das xa establecidas en cada centro, como por exemplo:
 - Recoller o parte de asistencia dos alumnos e velar pola súa custodia.
 - Ser o encargado da chave da aula.
- Real Decreto 83/1996, de 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria Obrigatoria (BOE de 21 de febreiro de 1996).

MATERIAIS

- Listaxe das principais funcións do delegado.
- Ficha de traballo «Características dun bo delegado».
- Modelo de acta de elección de delegado.
- Papel e lapis.

Nome: _____

Curso: _____

Data: _____

FUNCÍONS DO DELEGADO

- Representar o conxunto dos alumnos e alumnas da súa clase.
- Asistir ás reunións das xuntas de avaliación. Previamente, deberá elaborar o documento que presentará na xunta, coas suxestións de toda a clase consensuadas co titor.
- Asistir ás reunións da xunta de delegados e a todas as reunións que se convoquen.
- Transmitir aos seus compañeiros a información dos temas que se analicen nas xuntas e reunións ás que asista.
- Ocuparse de que na aula e no centro se faga un bo uso das instalacións e fomentar unha boa relación entre os membros da aula.
- Acudir ao requirimento do xefe de estudos en caso de que se producisen problemas xerais da clase para expoñer a visión do grupo e coñecer as sancións que se lles impoñen.

Ficha de traballo 1**Características dun bo delegado**

Cal das seguintes características definen un bo delegado? Elixe tres.

- | | | | |
|--|------------------------------------|---------------------------------------|--|
| ☐ Responsable | ☐ Popular | ☐ Fiel | ☐ Reivindicativo |
| ☐ Respectuoso | ☐ Sincero | ☐ Bo estudante | ☐ Líder |
| ☐ Bo compañeiro | ☐ Simpático | ☐ Apreciado | ☐ Con boas ideas e iniciativa |

Acta de elección de delegado e subdelegado

En _____, o _____ de _____ de _____ celébrase a votación para a elección do delegado e subdelegado do curso _____, grupo _____, actuando como Presidente _____, como Secretario _____ e como Vogal _____.

Efectuada a votación, e unha vez contados os votos, obtivéronse os seguintes resultados:

- 1.º _____ Votos: _____
- 2.º _____ Votos: _____
- 3.º _____ Votos: _____

Por tanto, proclámase:

Delegado: _____

Subdelegado: _____

Sen máis asuntos que tratar, córrase a sesión.

Programación do estudo: axenda escolar, planificación e horario

OBXECTIVOS

- Reflexionar sobre o método de estudo que utiliza cada alumno.
- Coñecer as vantaxes dun estudo programado e de utilizar a axenda escolar.
- Aprender a planificar o estudo para obter un mellor rendemento académico.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- Co fin de que o titor coñeza os hábitos de estudo dos alumnos, propónse que reparta entre eles un breve cuestionario (ficha de traballo «Hábitos e métodos de estudo») que deberán cubrir individualmente. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, xunto con toda a clase, analizaranse as diferentes técnicas que aplican os alumnos á hora de estudar, polo que o titor poderá aproveitar para insistir na necesidade de planificar adecuadamente o estudo. (Duración aproximada: 10 minutos).
- O titor repasa cos alumnos as indicacións do cadro «Horario de estudo e planificación». Pode copiar no encerado un modelo de horario de estudo para que os alumnos entendan como o poden elaborar, incidindo nos tempos de rendemento e nos de descanso. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Pediráselles aos alumnos que elaboren un modelo de horario de estudo que poderán ir axustando ao longo do primeiro mes de curso escolar. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Finalmente, o titor explicará a utilidade da axenda escolar e axudaralles a apuntar e organizar os datos máis relevantes. (Duración aproximada: 10 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- **Vantaxes da planificación do estudo:** axuda a economizar o tempo, o esforzo e a mellorar o rendemento.
- **Horario de estudo:** debe ser semanal, detallado, realista, flexible e revisable.
- **Utilidade da axenda escolar:** ademais de ser unha ferramenta de xestión e hábito de traballo en que se rexistra o seguimento da marcha escolar, a organización e os resultados das avaliacións trimestrais, pode usarse tamén como vehículo de comunicación escrita entre os alumnos, a familia e os profesores.

MATERIAIS

- Ficha de traballo «Hábitos e métodos de estudo».
- Lista de recomendacións para elaborar un horario de estudo.
- Papel e lapis.

Nome: _____

Curso: _____

Data: _____

Ficha de traballo 1**Hábitos e métodos de estudo**

Estudas todos os días?

Cantas horas ao día estudas?

Cando e onde estudas?

Planificas o teu estudo? Como o fas? Por onde comezas?

Empregas algún método de estudo? Explica os pasos que segues ao estudar.

Horario de estudo e planificación

Para confeccionar un horario de estudo eficaz debes ter en conta os seguintes aspectos:

1. O tempo diario que necesitas ou de que dispós para estudar. (Unha media razoable sería entre hora e media e dúas horas).
2. O momento máis favorable para o estudo segundo as túas propias necesidades.
3. A distribución das materias de estudo tendo en conta a súa dificultade (materias de dificultade baixa: 30 minutos; de dificultade media: 45 minutos; de dificultade alta: 60 minutos).
4. Os tempos de descanso (uns 10 minutos) e o cambio de actividade cando se produce un bloqueio na comprensión ou na execución das tarefas.
5. Rexistro de todas as tarefas que debes facer e das unidades que tes que estudar. É necesario que reserves un tempo aos repasos das materias.
6. Seguimento do planificado, dando espazo a posibles imprevistos.
7. Constancia no día a día, que che axudará a crear un hábito de estudo.

Horas	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
1.ª hora	Materia						
2.ª hora							
...							

OBXECTIVOS

- Comprender a necesidade de realizar un bo almorzo para unha apropiada condición física e un adecuado rendemento académico.
- Desenvolver actitudes saudables que melloren o noso desenvolvemento intelectual e psicolóxico.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor repartiralles aos alumnos a ficha de traballo «Hoxe almorcei...» e pediralles que enchan a primeira columna coa maior sinceridade. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, o titor explicará ao conxunto da clase as vantaxes do hábito de almorzar e como debería ser o almorzo ideal. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Seguidamente, os alumnos volverán á parte do cadro que encheron e indicarán se o seu almorzo resulta adecuado ou non segundo as explicacións do titor. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Ao final, cada alumno, ao comparar os resultados do que almorzaron e o que debería almorzar, expoñerá á clase o que tería que facer para mellorar os seus hábitos alimentarios. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Entre todos desenvolverán un plan semanal de almorzos equilibrados: «Comeza ben o día». (Duración aproximada: 15 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- **Vantaxes de almorzar correctamente:** diminúen os riscos de padecer obesidade, diabetes e colesterol; o seu alto valor nutricional colabora ao crecemento e ao desenvolvemento; mellórase o rendemento intelectual: concentración, memoria..., contribúe ao bo ánimo e actitude positiva.

MATERIAIS

- Ficha de traballo «Hoxe almorcei...» e información «O almorzo ideal».
- Ficha de traballo «Plan semanal de almorzos».
- Papel e lapis.



Nome: Curso: Data: **Ficha de traballo 1****Hoxe almoricei...**

Completa individualmente o seguinte cadro segundo che indique o profesor:

HOXE ALMORCEI...	ADECUADO	NON ADECUADO	ALMORZO IDEAL

O ALMORZO IDEAL

O almorzo como primeira comida do día proporciónanos a enerxía necesaria para afrontar a xornada diaria tanto desde o punto de vista físico coma do intelectual.

- Debe achegarnos entre o 20 e o 25 % das calorías diarias que debemos inxerir.
- Debe conter tres grupos de alimentos:
 - Os lácteos, principal fonte de calcio.
 - Os cereais, que nos achegan vitaminas, minerais e hidratos de carbono.
 - As froitas, fundamentais pola súa achega de vitaminas.
- O almorzo require dispoñer dun tempo que nos permita comer tranquilos e sentados.

Ficha de traballo 2**Plan semanal de almorzos «Comeza ben o día»**

Fala cos teus compañeiros e, entre todos, elixide un almorzo equilibrado e variado para toda a semana. Escribide a vosa proposta.

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo

O respecto cos profesores e compañeiros do centro

OBXECTIVOS

- Elaborar normas para un comportamento respectuoso na aula.
- Analizar as condutas que favorecen unha boa convivencia no centro e que están baseadas no respecto aos demais.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor pode comezar a sesión realizando unha exposición referente aos hábitos e normas de comportamento en diferentes situacións dentro do ámbito escolar. (Duración aproximada: 10 minutos).
- A continuación, o titor invitará os alumnos a reflexionar sobre as palabras «Trata os demais como queres que te traten a ti» e a dar opinión sobre o que esta frase significa para eles. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Tras a reflexión conxunta, o titor solicitará aos alumnos que enchen o cuestionario «Son respectuoso cos demais?» e valoren os seus resultados. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Para finalizar, farase unha posta en común e elaborárase un mural onde os alumnos indiquen as normas básicas de comportamento que aseguren unha boa convivencia no centro. (Duración aproximada: 20 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- A palabra **respecto** implica valorar os demais, a un mesmo e ao contorno, recoñecendo a dignidade e autoridade das persoas. O titor tratará de que o alumnado comprenda o sentido das normas, o respecto cara a un mesmo e cara aos compañeiros, e de que sexa consciente das consecuencias que a súa conduta pode ocasionar.
- O titor poderá suxerir normas de comportamento a modo de exemplo para a elaboración do mural: chamar á porta antes de entrar, respectar a quenda de palabra, saudar ao entrar e despedirse ao saír, etc.

MATERIAIS

- Ficha de traballo «Son respectuoso cos demais?».
- Papel e lapis.
- Cartolina e rotuladores.



Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 1

Son respectuoso cos demais?

Puntúa de 0 a 3 segundo sexa a túa actitude respecto á conduta indicada:

3 = sempre; 2 = case sempre; 1 = case nunca; 0 = nunca

ACTITUDES	0	1	2	3
Saúdo ao entrar e despídome ao marchar.				
Escoito con atención o profesor.				
Respecto a opinión dos meus compañeiros.				
Comparto o meu material.				
Respecto a quenda de palabra.				
Levanto a man para preguntar.				
Axudo os meus compañeiros.				
Son paciente.				
Se chego tarde á clase, chamo á porta e pregunto se podo entrar.				
Traballo en silencio.				
Cando remato as miñas actividades, falo cos meus compañeiros aínda que estes non rematasen.				
Dou as grazas e pido as cousas por favor.				
Devolvo as cousas que me prestan.				
Ríome dos demais e póñoalles alcumes.				

Resultados

- Entre 28 e 42: Moi respectuoso cos demais.
- Entre 15 e 27: Respectuoso, aínda que hai que coidar algúns aspectos.
- Entre 0 e 14: Necesitas mellorar a túa actitude de respecto cara aos demais.

A atención, a concentración e a memoria

OBXECTIVOS

- Proporcionar aos alumnos estratexias para mellorar a atención e a memoria visual e auditiva.
- Recoñecer e utilizar técnicas que aumentan a capacidade de atención e memoria.
- Identificar os erros de atención máis frecuentes nos alumnos.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO


- O titor comeza a sesión explicando algunhas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe, como a atención, a concentración e a memoria. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Despois, o titor pide aos alumnos que reflexionen, de forma individual, sobre cal é o seu nivel de atención na clase: se esta diminúe conforme avanza a xornada escolar, dependendo da materia impartida, etc. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, faise unha posta en común e o titor propón tamén analizar de forma oral as técnicas que utiliza cada alumno para memorizar as diferentes materias. O titor vai anotando no encerado as máis aplicadas. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Para aumentar o rendemento académico dos alumnos, o titor, a partir do cadro «Recomendacións para mellorar a atención e a memoria», explícalles algunhas estratexias de aprendizaxe que lles permitan mellorar a súa capacidade de memorización e atención. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Para finalizar, os alumnos realizan os exercicios prácticos da ficha de traballo «Xogos de atención». (Duración aproximada: 15 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- Cómpre que queden claros os conceptos de atención e memoria, así como cales son os factores que fan que estas capacidades se vexan afectadas (motivación, estado de ánimo, cansazo...). O titor fará fincapé na relación entre ambas as capacidades: recordamos aquilo en que fixamos a nosa atención.
- Suxerimos a consulta da páxina web www.orientacionandujar.es, que conta con numerosos recursos educativos para reforzar os contidos e lograr os obxectivos.

MATERIAIS

- Cadro «Recomendacións para mellorar a atención e a memoria» e ficha de traballo «Xogos de atención».
- Lapis e papel.



Nome: Curso: Data:

Recomendacións para mellorar a atención e a memoria

MEMORIA	ATENCIÓN
Utiliza regras mnemotécnicas.	Sé constante: a atención require esforzo e aprendizaxe.
Relaciona a información co que xa coñeces.	Evita a exposición excesiva a estímulos e busca elementos motivadores.
Visualiza conceptos para mellorar a túa comprensión e memorización.	Estrutura as tarefas en pasos.

Ficha de traballo 1 Xogos de atención

1 Busca sete diferenzas entre estas dúas imaxes.**2** Sinala cales das seguintes operacións teñen como resultado 21.

- $3 + 4 + 5 - 2 + 1 + 8 - 3 + 4 - 2 + 3 =$
- $2 + 1 + 5 - 2 - 1 + 4 - 3 + 5 + 9 + 1 =$
- $3 + 7 + 3 + 1 - 4 - 5 + 8 - 7 + 9 + 6 =$
- $8 + 1 + 3 + 4 - 2 - 1 + 9 - 1 + 5 - 3 - 2 =$
- $9 + 1 - 4 + 5 - 3 - 3 + 7 + 8 + 2 - 1 =$
- $6 + 3 + 1 + 5 - 4 + 8 - 3 + 6 - 3 + 5 =$

3 Risca a letra p nas seguintes secuencias:

pbdpdpbpbdbpdpdbbpbdbpdp
 bddpbdpdpdpdbbpbpdpdp
 ddbpdpdbbpbpddpdpdbbpbp
 pdbpdddbpbppddpdpdbbpbp
 dbdpdbpdpdpdbpdpbpbpdp

A competencia lectora

OBXECTIVOS

- Proporcionar aos alumnos estratexias para favorecer a competencia lectora.
- Avaliar as habilidades lectoras dos alumnos de 1.º de ESO, especialmente a velocidade de lectura e a comprensión.
- Identificar as características dun bo lector.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- É conveniente que o titor comece a sesión expoñendo brevemente a relevancia de ter unha boa competencia lectora para lograr aprendizaxes significativas. Así mesmo, é importante que enumere as estratexias que favorecen os tres procesos básicos que implica unha lectura competente: extraer información dos textos, interpretalos e reflexionar acerca da súa forma e contido para poder, así, valorar o lido. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Despois, o titor pode preguntarlles aos alumnos e as alumnas cal cren que é a súa velocidade lectora, xa que unha lectura fluída favorece a comprensión do que se está lendo. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, para comprobar a súa velocidade lectora, cada alumno debe ler o texto incluído na ficha de traballo «Velocidade e comprensión lectoras» e medir o tempo de lectura de acordo coa táboa facilitada na primeira actividade. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Despois, os alumnos volven ler o texto con atención e responden por escrito as preguntas que se suxiren na segunda actividade da ficha. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Para finalizar, realízase unha posta en común das respostas dos alumnos. (Duración aproximada: 10 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- Segundo a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE), «**competencia lectora** é comprender, utilizar, reflexionar e interesarse polos textos escritos para alcanzar os propios obxectivos, desenvolver o coñecemento e potencial persoais, e participar na sociedade» (PISA, 2009).
- A **velocidade lectora** é a capacidade para pronunciar palabras escritas nun determinado espazo de tempo, intentando comprender o que se está lendo. Exprésase en palabras por minuto.
- Tendo en conta a pouca extensión do texto elixido (193 palabras, incluídos título e sinatura, o cal permite medir de forma áxil a velocidade lectora), as preguntas sobre comprensión que se inclúen na ficha deben reflectir o nivel de observación dos alumnos e dar pé a que activen a súa creatividade e a súa capacidade para a crítica.

MATERIAIS

- Ficha de traballo «Velocidade e comprensión lectoras».
- Lapis e papel.

Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 1

Velocidade e comprensión lectoras

Prólogo

—Só recibiredes os vosos cartos cando indaguedes toda a verdade.
 —E despois?
 —Despois teredes que acabar coa súa vida. É preciso que o príncipe morra.
 —Necesitarei tempo...
 —Dispoñedes, exactamente, dunha semana.
 —Tan só unha semana?
 —Se non conseguides o voso obxectivo antes do día do seu décimo sexto aniversario, todo terá en balde.
 —Pero se fuxiu, como poderei localizalo?
 —Tomade. Neste plano está marcado o lugar onde cremos que se encontra, así como o itinerario que deberedes percorrer xunto a el.
 A sombra colleu o mapa, saíu da estancia como unha pantasma e afastouse á présa no seu cabalo.
 Sete días. Tan só sete días para gañar a confianza do herdeiro ao trono... Non, desde logo aquilo non era demasiado tempo. Pero, a pesar de todo, nin sequera se permitiu o luxo de sentir remorsos, sabía que aquela sería a súa última misión. Despois podería desaparecer daquel reino e esquecer para sempre o seu pasado.
 A súa montura, que parecía presentir o perigo, galopaba veloz atravesando os campos. Tiña sete días por diante para consumir a máis difícil de todas as súas misións. E a máis perigosa.

FERNANDO J. LÓPEZ, *O reino das Tres Lunas*, Santillana Infantil e Xuvenil.

- 1** Le en voz alta o texto e cronometra o tempo que tardaches en facelo. Despois, calcula a túa cualificación de acordo cos niveis da táboa.

Táboa de niveis de logro na velocidade lectora (alumnos de 1.º de ESO)

Nivel insuficiente: necesita práctica	Achégase ao estándar	Estándar	Nivel avanzado
Menos de 125*.	Entre 125 e 134.	Entre 135 e 144.	Máis de 144.

* Palabras lidas por minuto.

- 2** Le de novo o texto, esta vez con máis detemento, e responde as seguintes preguntas:

- Sabes o que é un prólogo?
- Polos datos que obtiveches ao ler o texto, que cres que será, un relato real ou de ficción? Por que o supós?
- En que tempo pensas que se sitúa a acción?
- Pareceche que o fragmento produce intriga? Por que?
- Atreveríaste a anticipar un argumento da novela?
- Tras ler este prólogo, gustaríache continuar coa lectura da novela?

OBXECTIVOS

- Recoñecer a importancia da hixiene persoal e a súa influencia na saúde e nas relacións sociais.
- Desenvolver actitudes positivas cara á hixiene persoal e do contorno.
- Adquirir hábitos saudables de hixiene.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- Para comezar a sesión, o titor pídelles aos alumnos que reflexionen sobre os seguintes aspectos (duración aproximada: 10 minutos):
 - A necesidade dunha boa hixiene persoal e do contorno. Hábitos de hixiene.
 - A influencia da hixiene na saúde.
 - A importancia da hixiene para a imaxe persoal e a súa repercusión nas relacións sociais.
- Despois, o titor, recollendo as ideas achegadas polos alumnos, explica a importancia de ter unha hixiene persoal adecuada na adolescencia. Para isto emprega o cadro «Normas básicas de hixiene para adolescentes». (Duración aproximada: 15 minutos).
- A continuación, o titor divide a clase en pequenos grupos para que traballen coa ficha «Unha boa hixiene». Pídelles que propoñan recomendacións sobre bos hábitos de hixiene persoal de acordo cos aspectos recollidos no cadro. Así mesmo, proponlles analizar cal debe ser a hixiene do noso contorno e de que forma nos beneficia. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Para finalizar, lévase a cabo unha posta en común das recomendacións e das respostas de cada grupo. Anótanse no encerado e trasládanse despois a unha cartolina que quedará exposta na parede da aula. (Duración aproximada: 10 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- É importante que os alumnos tomen conciencia de que ter unha boa hixiene persoal é fundamental non só por unha cuestión estética, senón tamén de saúde. Convén facer fincapé nas repercusións que uns malos hábitos de hixiene poden ter nas súas relacións sociais e facerlles asociar a hixiene persoal á autoestima.

MATERIAIS

- Cadro informativo «Normas básicas de hixiene para adolescentes» e ficha de traballo «Recomendacións para unha boa hixiene».
- Papel e lapis.
- Cartolina e rotuladores.



Nome: Curso: Data:

Normas básicas de hixiene para adolescentes

A adolescencia é unha idade de cambios físicos, psicolóxicos e afectivos de grande importancia. Os cambios hormonais propios da adolescencia fan que aumente a secreción de graxa e a sudación, o que provoca un forte olor corporal. É fundamental que coides o teu aseo persoal, non só por razóns estéticas, senón, sobre todo, por cuestións de saúde e para evitar situacións desagradables que poidan xurdir ao relacionarte cos demais.

SETE NORMAS BÁSICAS DE HIXIENE

1. Dúchate todos os días, preferiblemente pola mañá, ao erguerse (sobre todo no verán, xa que é probable que na cama súes).
2. Usa desodorizante. Pero lembra que se empregas desodorizante ou colonia sen ducharte para combater o mal olor, o resultado será peor porque se mesturarán os olores e non resolverás o problema.
3. Pon roupa limpa todas as mañás. É moi importante que mudes a roupa interior cada día. Non esquezas que a roupa que usamos recolle o olor corporal.
4. Cambia de pantalón con frecuencia e lávao cada vez que o vaias gardar no armario.
5. Lava a roupa deportiva cada vez que realices prácticas de Educación Física: suaches e os olores impregnan a roupa.
6. Saca as zapatillas deportivas ou os zapatos para que se aireen durante a noite.
7. Lava os dentes todos os días polo menos tres veces. Lembra que o recomendable é facelo despois de cada comida.

Ficha de traballo 1

Unha boa hixiene

Fala cos compañeiros do teu grupo sobre hábitos de hixiene persoal relacionados cos seguintes temas. Despois, escribide algunhas recomendacións básicas nun cadro coma este.

HIXIENE BUCODENTAL	HIXIENE CORPORAL	HIXIENE DO VESTIDO

Despois de falar no teu pequeno grupo sobre a hixiene do contorno, responde as seguintes preguntas.

- 1 Que hixiene debemos ter no noso contorno?
- 2 Que beneficios nos proporciona ter un contorno saudable?

OBXECTIVOS

- Coñecer as diferentes formas de diversión da mocidade; entre elas, as relacionadas co deporte.
- Mostrarlles aos alumnos os beneficios do deporte a nivel físico, psicolóxico e académico.
- Reflexionar sobre a importancia do deporte en relación coa autoestima.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor entrégalles aos alumnos un papel en branco para que, de forma anónima, escriban as actividades físicas e deportivas que realizaron no seu tempo de ocio durante a última semana. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, o titor pide dous voluntarios para ler en voz alta o que anotaron os seus compañeiros e para que escriban no encerado as actividades deportivas que realizaron con maior frecuencia e o número de veces que se repiten. Ademais, ao escribilas, diferenciarán entre deportes individuais e de equipo. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Despois, o titor pídelles aos alumnos que, de xeito individual, completen o cuestionario inicial da ficha de traballo «Ti e mais o deporte». (Duración aproximada: 5 minutos).
- Tras a tarefa individual, realizarase unha posta en común coa clase. O titor propónlles aos alumnos un coloquio sobre os valores que cren que fomentan as actividades deportivas: solidariedade, compañeirismo, empatía, confianza, lealdade, sociabilidade... O debate daralle pé ao profesor para explicar a importancia do deporte no desenvolvemento de habilidades físicas e mentais, para o cal repasa cos alumnos a información do cadro «A importancia do deporte». (Duración aproximada: 20 minutos).
- Para pechar a sesión, o titor detense nas preguntas da reflexión final da ficha de traballo e pídelles aos alumnos que compartan as súas respostas coa clase. (Duración aproximada: 10 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- O programa de televisión *Redes* emitiu un interesante documental titulado «Deporte para un cerebro máis san», sobre os beneficios do exercicio físico para o cerebro. Pode verse en: www.rtve.es/alacarta/videos/redes/redes-20-deporte-para-cerebro-mas-sano-14-11-10/930711. Por exemplo, a introdución do documental podería utilizarse para presentar na clase o tema da importancia do deporte. (Duración aproximada: 2 minutos).
- Como o tema deportivo adoita interesar bastante aos alumnos, o titor podería proxectar películas como *Billy Elliot*, *Karate Kid* ou *Quero ser como Beckham*, ou incluír a banda sonora de *Carros de fogo* e realizar unha posta en común sobre as ideas que lles suxiren.

MATERIAIS

- Ficha de traballo «Ti e mais o deporte» e cadro-resumo «A importancia do deporte».
- Papel e lapis.

Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 1

Ti e mais o deporte

Cuestionario inicial

Responde no teu caderno as seguintes preguntas:

- 1** Practicas algún deporte? Cantas veces á semana? Desde cando?
- 2** Se non practicas ningún deporte, practicáchelo con anterioridade? Se é así, por que o deixaches de practicar? (Falta de tempo, falta de equipo, aburriache, agora tes outros intereses, por economía, etc.).
- 3** Gústanche os deportes de equipo ou os individuais?
- 4** Gústache o deporte por ocio ou como método de adestramento?
- 5** Gozas facendo deporte aínda que non gañes?
- 6** Quen é o teu referente no deporte ou nos deportes que practicas?
- 7** Recomendaríaslles aos teus amigos o deporte ou os deportes que practicas?
- 8** O deporte sêrveche para estar en forma ou para relacionarte cos demais?



Reflexión final

Para concluír, reflexiona cos teus compañeiros sobre as seguintes cuestións:

- Despois desta sesión, apetéceche máis practicar algún deporte? Cal? Por que?
- Descubriches algo novo en relación co deporte?

A importancia do deporte

- Mantén os ósos e músculos sans.
- Axuda a combater enfermidades como a obesidade e a hipertensión.
- É unha medida de liberación de tensión e de control do estrés.
- Permite mellorar a conciliación e a calidade do sono.
- Mellora o ánimo, potencia o optimismo.
- Contribúe a mellorar a imaxe persoal.
- Produce un aumento da autoestima.
- Mellora a memoria e a aprendizaxe.
- Permite relaxarse, distraerse, liberar tensións e divertirse.
- Dá a oportunidade de compartir actividades cos amigos ou a familia.
- É un medio de integración persoal en diferentes grupos.
- Facilita o desenvolvemento integral da persoa.
- Promove valores e comportamentos persoais e sociais positivos, como o respecto polas normas e o xogo limpo.
- Ensina a convivir.

O acoso escolar

VIDEOFÓRUM I. Antes de ver *Covardes*



Título: *Covardes*

País: España

Ano: 2008

Dirección: José Corbacho,
Juan Cruz

Duración: 89 minutos

OBXECTIVOS

- Entender o significado de conceptos relacionados co acoso escolar.
- Coñecer o perfil do acosador, as vítimas e os espectadores.
- Identificar signos de alarma e síntomas das vítimas.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- Esta sesión céntrase na recollida de información e nas actividades previstas para antes de ver a película.
- O titor realiza as actividades previas a través das fichas de traballo en que os alumnos deben responder individualmente unhas preguntas e obter información para realizar unha posta en común no encerado. (Duración aproximada: 30 minutos).
- Tras isto, o titor explica brevemente os aspectos sobre os que versa a película e fala da situación de convivencia que se dá no grupo da clase. (Duración aproximada: 20 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- Información sobre o acoso escolar en Internet:
 - Fundación ANAR (Axuda a Nenos e Adolescentes en Risco): www.anar.org
 - *Antibullying*. Liña de axuda contra o acoso escolar do Observatorio Internacional de Xustiza Xuvenil: www.oijj.org/es/links/anti-bullying-linea-de-ayuda-contra-o-acoso-escolar
 - *Detección e prevención do maltrato infantil desde o centro educativo. Guía para o profesorado*, Madrid, Defensor do menor na Comunidade de Madrid e Obra Social Caja Madrid, 2007: www.madrid.org/dat_norte/WEBDATMARCOS/supe/convivencia/materiales/guia_protocolo_maltrato.pdf
 - *A actuación ante o maltrato entre iguais no centro educativo. Guía para o profesorado*, Madrid, Defensor do menor na Comunidade de Madrid e Obra Social Caja Madrid, 2007: www.madrid.org/dat_norte/WEBDATMARCOS/supe/convivencia/materiales/guiaprotocoloacoso.pdf

MATERIAIS

- Película *Covardes*.
- Ficha de actividades para antes de ver a película e cadro «Que é o acoso escolar?».

Nome: Curso: Data: **SINOPSE**

Covardes céntrase en dous adolescentes de 14 anos, Gaby e Guille, e na súa vida no instituto. Gaby non quere ir á escola porque sofre acoso por parte de Guille e do seu grupo.

Na película desenvólvese outro tema central: o medo, que está presente en todos os personaxes, tanto en Gaby, polo acoso escolar de que é obxecto, coma en Guille, por temor a defraudar o seu pai. Nos adultos, este sentimento reflíctese en situacións moi diferentes: medo a perder o traballo (en Xaquín, pai de Gaby) ou a que a familia se desfaga (en Merche, nai de Gaby); temor pola responsabilidade do traballo (en Guillermo, pai de Guille) ou por non coñecer a realidade do seu fillo (en Magda, nai de Guille).

Temas que aborda a película:

- O acoso escolar.
- O medo (fío condutor da película).
- A falta de comunicación.
- Modelos opostos de pais. Non obstante, todos eles mostran limitacións para abordar os problemas da convivencia, os derivados da maduración dos fillos, os de parella e os laborais.

Ficha de traballo 1Actividades para antes de ver *Covardes***1** Que é para ti o acoso escolar?

- Unha pelexa entre rapaces.
- Un problema de convivencia.
- Non teño moi claro o que é.
- Nada que me pareza importante.

2 Coñeciches ou coñeces algún caso de acoso escolar? Céntao.**3** No caso de que o coñezas, cal é a túa postura ao respecto?

Que é o acoso escolar?

O acoso escolar é un tipo de **maltrato psicolóxico, verbal ou físico** que se caracteriza por un **abuso sistemático** de poder duns alumnos sobre outros e polo **desequilibrio de forzas** entre o agresor ou agresores e as súas vítimas.

**PODO SER UNA VÍTIMA DE ACOSO ESCOLAR...**

- Se todos os días me pegan, me insultan, me ameazan...
- Se baixa o meu rendemento escolar.
- Se me doe moito a cabeza, o estómago, etc., e non quero ir á escola.
- Se teño perda de apetito e problemas para quedar durmido.
- Se me sinto moi nervioso, irascible ou con moitos cambios de humor.
- Se cada día me custa máis relacionarme cos demais e non quero falar cos compañeiros nin cos adultos.

O acoso escolar

VIDEOFÓRUM II. Despois de ver *Covardes*

OBXECTIVOS

- Comprender e valorar a importancia da comunicación para a resolución de problemas: familiares, laborais e de parella.
- Coñecer o protocolo de actuación ante un caso de acoso escolar.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- Esta sesión consta de actividades previstas para despois de ver a película. Tras a proxección da película, o titor dispón da ficha que se suxire no apartado seguinte para a análise e posta en común co grupo das secuencias máis relevantes da película. (Duración aproximada: 20 minutos).
- Despois da posta en común da clase, o titor reparte a ficha de traballo «Reflexións persoais sobre *Covardes*» para que os alumnos, de xeito individual, realicen unha reflexión sobre os aspectos claves da película e elaboren unha folia de conclusións no seu caderno. (Duración aproximada: 30 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

Suxírense algunhas preguntas, distribuídas por escenas, que poden dirixirse aos alumnos para comprobar que comprenderon convenientemente a película (para máis información, pode verse: almez.pntic.mec.es/~erug0000/orientacion/Tutoria/Cobardes.pdf):

Gaby coa súa irmá na pizzería	1. Onde cean Gaby e a súa irmá habitualmente? Por que? De que falan? 2. Cal é o papel do oso da irmá na relación entre ambos?
Incendio no lavabo dos rapaces	3. Cando Gaby vai ao lavabo, que fan Guille e o seu grupo de amigos? 4. Quen cren os profesores que orixinou o incendio? Por que?
Pelexa no patio	5. Que fan todos os alumnos no patio? 6. Cal é o motivo da pelexa entre Guille e Gaby? 7. Como remata a pelexa?
Ceas familiares	8. De que falan Guille e o seu pai durante a cea? E súa nai? 9. Existen diferenzas entre as ceas das familias de Guille e Gaby?
Reunión de pais no instituto	10. Para que se convoca unha reunión de pais? Como se comportan estes?
Magda descobre unha gravación no móbil do seu fillo	11. Como descobre a nai de Guille a gravación? Que lle di a Guille? Como reacciona Guille? 12. Que fai Magda ante a actitude do seu fillo?
Gaby xogando coa consola	13. A que videoxogo está xogando Gaby? Que fai co seu personaxe? 14. Que pode significar a caída do seu personaxe?

MATERIAIS

- Película *Covardes*.
- Ficha de traballo para despois de ver a película: «Reflexións persoais sobre *Covardes*».

Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 2

Reflexións persoais sobre *Covardes*

PERSONAXES	1 Con que personaxe da película te identificas máis? 2 Como ves a cada un dos personaxes? Cal che gustaría ser? Cal che gusta menos? 3 Cres que o grupo de acosadores son amigos entre eles? Que os une? Pareceche que respectan a Guille?
ACOSO ESCOLAR	1 Enumera algúns actos negativos que sufriu Gaby. 2 Coñeces outras formas de gañar o respecto dos demais? 3 Por que cres que Guille acosa a Gaby? 4 Como cres que se podería parar ese acoso? 5 Utilizaches o móbil algunha vez para molestar a alguén? Pensaches nas consecuencias? Como te sentirías se che pasase a ti?
COMUNICACIÓN	1 Gaby mostra sinais de alarma ante o acoso que está sufrindo na escola, pero non fala cos seus pais, por que cres que actúa así? Cal é o motivo polo que os seus pais non preguntan nin indagan? 2 Despois da pelexa no patio, como reacciona cada personaxe? Como o farías ti? 3 Que che parece o tipo de comunicación que ten Guille con seu pai? Por que Magda non se atreve a explicar as súas sospeitas ao seu fillo?
MEDO	1 Cales son, segundo ti, os personaxes que amosan medo nalgún momento da película? 2 Como son as reaccións de medo que identificas nos personaxes? 3 O medo ao acosador, teno só Gaby? 4 Cres que o medo é un factor que mantén a situación de acoso? 5 Cando Gaby supera o seu medo, libérase do acoso? 6 Cando tes medo, que adoitas facer?
RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS	1 Que formas de resolución de problemas aparecen na película? 2 Tal e como se resolve o problema do acoso escolar na película, cres que poden xurdir novos casos? 3 Que solucións alternativas proporías para resolver o problema principal que mostra a película?
REFLEXIÓN FINAL	1 Cal é o papel dos compañeiros de Gaby na situación de acoso que se presenta na película? 2 Ocorrerase outro final? 3 Identificas algunha conduta dos personaxes en ti mesmo ou nalgún dos teus compañeiros? 4 Como é a comunicación entre os teus amigos e ti? E coa túa familia? 5 Despois de ver a película, serías capaz de identificar un caso de acoso? Saberías que facer ante unha situación deste tipo?

O traballo en equipo: toma de decisións colectiva

OBXECTIVOS

- Dotar os alumnos de estratexias para a toma de decisións colectiva.
- Coñecer as fases do proceso de toma de decisións en grupo.
- Identificar as características dunha comunicación adecuada na toma de decisións colectiva.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión explicando os elementos do proceso de comunicación e sinala as pautas comunicativas óptimas na toma de decisións grupais. (Duración aproximada: 10 minutos).
- A continuación, o titor pode mostrarlles aos alumnos un fragmento da película *Coach Carter* (2005), dirixida polo estadounidense Thomas Carter, que serve para poñer de relevo a importancia da conciencia de equipo: www.youtube.com/watch?v=tV9in2lhpmc. (Duración aproximada: 5 minutos).
- Despois de ver o vídeo, o titor divide a clase en grupos de tres para que realicen a ficha de traballo «O búnker», baseada na dinámica da fin do mundo; todos os grupos levan a cabo a tarefa da ficha excepto un, que é nomeado xuíz: o seu papel é, por tanto, observar os demais grupos e despois debe contestar as preguntas finais da ficha. (Duración aproximada: 20 minutos).
- Para finalizar, realízase unha posta en común das diferentes propostas dos grupos e os alumnos comentan tamén os sentimentos que se xeraron durante a realización da dinámica. O titor pide a dous alumnos que escriban no encerado as conclusións da tarefa. Pídelle tamén ao grupo de xuíces que comparta coa clase as respostas que deron á súa parte do cuestionario da ficha. (Duración aproximada: 15 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- Convén que o titor faga fincapé en que antes de tomar unha decisión colectiva é preciso coñecer claramente o obxectivo, avaliar as alternativas para a súa consecución, coordinarse e asumir responsabilidades.
- Os alumnos deberán xerar ideas, dialogar e expoñer argumentos convincentes para tomar decisións ante opinións enfrontadas, respectar as regras do intercambio comunicativo, aprender a escoitarse uns a outros, organizarse e ter conciencia de equipo. En definitiva, o titor tratará de que comprendan todas as fases do proceso decisorio e a importancia de respectar a todos os membros do grupo para a consecución de calquera obxectivo colectivo.

MATERIAIS

- Fragmento da película *Coach Carter*: www.youtube.com/watch?v=tV9in2lhpmc.
- Ficha de traballo «O búnker».
- Papel e lapis.

Nome: _____

Curso: _____

Data: _____

Ficha de traballo 1

O búnker

En grupo

Imaxina que se aproxima a fin do mundo e constrúíuse un búnker para sobrevivir a ela. Pero non caben todos. Da seguinte lista, elixe cos teus compañeiros as seis persoas que salvaríades para continuar a especie. Razoa as propostas. Lembra que a decisión que tomedes debe ser consensuada e compartida por todos.

- Unha cantante famosa de 25 anos.
- Un xuíz de 45 anos que pide condenas exemplarizantes.
- A muller dese xuíz, de 40 anos, que require hospitalización por un trastorno alimentario. Só se deixará rescatar se rescatan tamén o seu marido.
- Un médico de familia sen crenzas relixiosas.
- Unha profesora de secundaria nai de tres fillos.
- Un sacerdote de 70 anos.
- Unha universitaria brillante excesivamente preocupada polo seu aspecto físico.
- Un político corrupto de 50 anos.
- Un indixente que vive na rúa.
- Un delincuente habitual de 30 anos.
- Un enxeñeiro de 35 anos enfermo de párkinson.
- Unha psicóloga que está embarazada.

A decisión final foi:

- | | |
|----------|----------|
| 1. _____ | 4. _____ |
| 2. _____ | 5. _____ |
| 3. _____ | 6. _____ |

Reflexión individual

Despois de realizar a tarefa no teu grupo, reflexiona sobre as seguintes cuestións:

- 1** Como me sentín durante a sesión?
- 2** Tívoise en conta a miña opinión?
- 3** Respectouse a opinión dos meus compañeiros?
- 4** Foi fácil a decisión?

Xuíces

- 1** Como foi a comunicación dentro do grupo?
- 2** Participaron todos os compoñentes?
- 3** Houbo diálogo?
- 4** Cres que algún compañeiro intentou influír sobre os demais na elección proposta?

O subliñado, o resumo e o esquema

OBXECTIVOS

- Dotar os alumnos das ferramentas básicas para un estudo eficaz.
- Dar a coñecer aos alumnos as diferentes técnicas de traballo intelectual (TTI), comezando polo subliñado, o resumo e o esquema.
- Identificar as TTI que utilizan os alumnos e fomentar o uso adecuado das mesmas.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión expoñendo as características e vantaxes do uso das TTI. Pregunta aos alumnos como estudan: se subliñan, se fan só os exercicios que se lles manda, se resumen, canto tempo dedican ao estudo dos exames, etc. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Despois, o titor define e explica as tres técnicas obxecto da sesión: o subliñado, o resumo e o esquema, poñendo exemplos para a súa mellor comprensión. Para isto utiliza os cadros «Que e como subliñar» e «Resumir e esquematizar». (Duración aproximada: 25 minutos).
- O titor propónlles aos alumnos que, de xeito individual, realicen primeiro un esquema e logo un resumo do texto do primeiro cadro («A distribución da poboación»), que se dá como exemplo de subliñado. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Por último, o titor propón unha posta en común para que os alumnos expliquen como realizaron a actividade e cales son as dificultades con que se encontraron á hora de levar a cabo esta tarefa. (Duración aproximada: 5 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- É importante que os alumnos entendan ben as diferenzas e relacións entre as tres técnicas: que a información subliñada pode utilizarse para elaborar esquemas ou resumos, que para escribir un resumo é conveniente partir dun esquema previo, etc.
- Recomendacións á hora de subliñar un texto:
 - Antes de subliñar, hai que realizar unha primeira lectura do texto para comprender o seu contido e a súa estrutura.
 - Convén non subliñar en exceso: só a información fundamental.
 - É importante xerarquizar a información que se subliña, para o cal poden utilizarse lapis de distintas cores ou tipos de subliñados diferentes.
- Cómpre deixar claro tamén que, aínda que existen diversos modelos de esquema, todos supoñen a expresión xerarquizada das ideas principais do texto. As relacións de subordinación entre as ideas debe percibirse no esquema con claridade.
- É importante que os alumnos sexan conscientes de que saber facer un bo resumo os axuda a mellorar tanto a calidade da súa redacción coma, en xeral, a súa aprendizaxe. Un bo resumo debe cumprir catro condicións: brevidade, exactitude, exhaustividade e obxectividade.

MATERIAIS

- Información dos cadros «Que e como subliñar» e «Resumir e esquematizar».
- Papel e lapis.

Nome: Curso: Data:

Que e como subliñar

O subliñado serve para destacar o máis importante dun texto. Exemplo:

A distribución da poboación

A distribución actual da poboación no noso planeta non podería entenderse se non tivéssemos en conta factores de carácter histórico, económico e político.

- Factores históricos. A antigüidade dos asentamentos explica, en gran parte, as fortes densidades que se dan nas áreas máis poboadas do planeta (Extremo Oriente e Europa occidental). En xeral, podería dicirse que a maior antigüidade maior densidade de poboamento actual.
- Factores socioeconómicos. A adaptación dalgúns sociedades ao medio natural e a súa capacidade para dominar as desvantaxes ou as limitacións que presenta ese medio físico, mediante o desenvolvemento de diferentes tecnoloxías, serven tamén para explicar as distintas densidades de poboación que se dan en medios naturais semellantes. Nos países subdesenvolvidos, que carecen de industria, as concentracións de poboación adoitan estar asociadas á riqueza dos terreos para os labores agrícolas.
Na Asia monzónica, por exemplo, a poboación concéntrase, sobre todo, nos deltas dos ríos.
Nos países industrializados, as maiores concentracións danse nas áreas urbanas e industriais.
- Factores de tipo político. Noutras ocasións, a distribución da poboación estivo condicionada por decisións de tipo político. Pódense citar, como exemplos representativos, a colonización de territorios en Estados Unidos e Rusia ou a inmigración masiva de xudeus a Israel.

Enciclopedia do Estudante. Lingua Castelá II. Santillana.

Resumir e esquematizar

O resumo	O esquema
Condensa a información esencial dun texto: di de que trata o texto sen incluír os detalles.	Presenta as ideas fundamentais xerarquizadas por medio de números, letras, símbolos, etc.

Por exemplo, a partir do esquema da esquerda pódese elaborar o resumo da dereita:

Os dereitos humanos

1. Concepto: dereitos elementais que deben recoñecerse a todos os seres humanos.
2. Fundamentación: os valores morais.
 - 2.1. A liberdade.
 - 2.2. A igualdade.
 - 2.3. A solidariedade.
3. Clases.
 - 3.1. Dereitos civís e políticos: fúndanse na liberdade.
 - 3.2. Dereitos económicos, sociais e culturais: fúndanse na igualdade.
 - 3.3. Dereitos ecolóxicos e de convivencia pacífica: fúndanse na solidariedade.

Os dereitos humanos

Os dereitos humanos son dereitos elementais que deben recoñecerse a todos os seres humanos. Están fundados en valores morais, como son a liberdade, a igualdade e a solidariedade, e poden distinguirse tres clases de dereitos humanos: os dereitos civís e políticos, que se basean na liberdade; os económicos, sociais e culturais, que se basean na igualdade; e os ecolóxicos e de convivencia pacífica, que se basean na solidariedade.

Enciclopedia do Estudante. Lingua Castelá II. Santillana.

OBXECTIVOS

- Dotar os alumnos de estratexias para a toma de decisións relativas ao uso do tempo libre.
- Identificar os hábitos dos alumnos no referente á televisión (tempo que a ven, frecuencia, franxa horaria, programas preferidos...).
- Ensinar comportamentos adecuados para un uso saudable e crítico da televisión.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza preguntando aos alumnos que é para eles o ocio e que actividades realizan no seu tempo libre. Despois, orienta este pequeno coloquio previo cara á importancia que os alumnos lle dan á televisión no seu tempo libre. (Duración aproximada: 10 minutos).
- A continuación, o titor pide aos alumnos que, individualmente, respondan as preguntas da primeira ficha de traballo («Os meus hábitos televisivos»), e á enquisa da segunda ficha («Son adicto á televisión?»). (Duración aproximada: 10 minutos).
- Despois, realízase unha posta en común das respostas dos alumnos e o titor propicia un debate sobre os beneficios e os prexuízos de ver a televisión, explicando o concepto de adicción e as súas posibles consecuencias. (Duración aproximada: 20 minutos).
- Finalmente, o titor propón unha reflexión sobre como sacarlle partido á televisión e como evitar os seus prexuízos. A modo de conclusión, pode elaborar cos seus alumnos unha listaxe de «Normas básicas para un bo uso da televisión», comezando por algunhas esenciais que se inclúen no apartado seguinte. O titor pídelles aos alumnos que engadan algunhas normas ou recomendacións e vai anotándoas no enderezo. (Duración aproximada: 10 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- É importante que os alumnos teñan claros os conceptos de ocio e tempo libre e que comente con eles o alto poder social que hoxe en día exercen os medios de comunicación de masas.
- É conveniente que aconselle os seus alumnos sobre o bo uso da televisión como medio de información, formación e ocio, e os advirta dos perigos dun consumo inadecuado e abusivo.
- Algunhas normas básicas para un bo uso da televisión son as seguintes:
 - Planifica os teus momentos de ocio, así como os de estudo.
 - Controla o tempo que pasas vendo a televisión.
 - Selecciona con axuda de teus pais e profesores os programas que son apropiados para a túa idade.
 - Evita facer *zapping* e ter a tele acesa se non a estás vendo nese momento.
- Para ampliar información sobre este tema, pode ser útil o libro de Paulino Castells e Ignasi de Bofarull titulado *Enganchados a las pantallas. Televisión, videojuegos, Internet y móviles* (Barcelona, Planeta, 2002).

MATERIAIS

- Fichas de traballo «Os meus hábitos televisivos» e «Son adicto á televisión?».
- Papel e lapis.

Nome: Curso: Data: **Ficha de traballo 1** Os meus hábitos televisivos

Responde individualmente as seguintes preguntas.

- 1** Que é para ti o ocio? Cales son as actividades que realizas no teu tempo libre?
- 2** Hai televisión na túa casa? Cantos aparellos de televisión hai? Tes televisión no teu cuarto?
- 3** Canto tempo ves a televisión? Cando a ves? Prefires ver a televisión só ou en compañía? Que programas che gustan?
- 4** Consideras adecuados para a túa idade os programas que emiten na televisión?
- 5** Como reaccionarías se quedases sen televisión? Poderías vivir sen ela? Durante canto tempo?
- 6** Cres que o uso que fas da televisión é adecuado?

Ficha de traballo 2 Son adicto á televisión?

Puntúa estas afirmacións segundo estean máis ou menos próximas ao teu comportamento:

3 = sempre; 2 = case sempre; 1 = case nunca; 0 = nunca

O MEU COMPORTAMENTO	0	1	2	3
En canto chego á casa, acendo a televisión e non a apago ata que me deito.				
Non hai amigo nin plan que me aparte do meu programa favorito.				
Vexo a televisión máis de tres horas ao día.				
O meu tema de conversación cos amigos é o que vin ou vou ver na tele.				
Síntome incapaz de deixar de ver a televisión e véxoa, incluso, a horas en que debería estar durmindo.				
O uso da televisión límitame para facer outras actividades.				
Selecciono pouco ou nada os programas e con frecuencia non quero ver un en concreto, senón que vou cambiando de canle sen parar.				
Non sempre me entretén ou me divirte a televisión, pero non podo deixar de vela.				

Resultados

- **Entre 16 e 24:** Pasas demasiado tempo fronte ao televisor, sen comunicarte, descoidando as relacións coa túa familia e os teus amigos.
- **Entre 9 e 15:** A televisión forma parte da túa vida xunto con outras cousas. Debes ser crítico e aprender a seleccionar os programas que ves.
- **Entre 0-8:** Gústache a televisión, pero podes vivir sen ela.

OBXECTIVOS

- Axudar os alumnos a facer un uso adecuado do teléfono móbil.
- Identificar nos alumnos condutas de risco relacionadas co uso do teléfono móbil.
- Facer conscientes aos alumnos e analizar algúns trazos que determinan un uso abusivo do teléfono móbil.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión coa proxección dun vídeo correspondente a unha campaña da televisión tailandesa contra o uso abusivo do teléfono móbil (pode encontrarse en: www.youtube.com/watch?v=hS6OCpb4dV8). Tras a proxección, o titor pide aos alumnos que expliquen coas súas palabras o que viron no anuncio e o que lles parece que quere transmitir. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, o titor divide a clase en pequenos grupos para que os alumnos compartan a súa opinión sobre o teléfono móbil, digan que importancia ten para eles e se consideran que é «bo» ou «malo». Pídelles que reflexionen sobre os aspectos positivos e negativos do seu uso e que completen a primeira actividade da ficha de traballo «Como uso o móbil?». (Duración aproximada: 10 minutos).
- Terminada a dinámica de grupo, realízase unha posta en común. Tomando como base as respostas dos alumnos, fálalles dos aspectos positivos e negativos do teléfono móbil, facendo fincapé nos riscos que entraña o seu uso, especialmente para os adolescentes. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Despois, os alumnos realizan, de maneira individual, a segunda parte da ficha de traballo «Como uso o móbil?» para aprofundar na reflexión sobre o seu comportamento. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Finalizada a tarefa, o titor propón facer un coloquio en que os alumnos comparten as súas respostas e analizan os comportamentos que se mencionan no cuestionario. Como conclusión, o titor dá algunhas pautas para un uso adecuado do teléfono móbil, para o cal se serve do cadro «Normas e recomendacións para un bo uso do móbil». (Duración aproximada: 15 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- Comente coas súas alumnas e alumnos as vantaxes e inconvenientes que eles encontran no uso do móbil e advirta que, segundo os expertos, unha de cada mil persoas é adicta a este dispositivo.

MATERIAIS

- Vídeo da televisión tailandesa contra o uso abusivo do teléfono móbil: www.youtube.com/watch?v=hS6OCpb4dV8.
- Ficha de traballo «Como uso o móbil?».
- Cadro con información «Normas e recomendacións para un bo uso do móbil».
- Papel e lapis.

Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 1

Como uso o móbil?

Que opinas sobre o teléfono móbil? Reflexiona cos compañeiros do teu grupo e completa un cadro coma este.

Aspectos positivos	Aspectos negativos

Responde, individualmente e con sinceridade, as seguintes preguntas. Marca SI ou NON.

O MEU COMPORTAMENTO CO TELÉFONO MÓVIL	SI	NON
1. Adoito usar o móbil para falar cos meus amigos por WhatsApp ou nas redes sociais.		
2. Só utilizo o móbil para falar cos meus pais.		
3. Cando como ou ceo, estou pendente do móbil aínda que estea con máis xente.		
4. Teño comigo o móbil mentres durmo, incluso perdín horas de sono por utilizar o móbil.		
5. Pola noite, poño o móbil en silencio ou apágoo.		
6. Miro o móbil con moita frecuencia, cada dez minutos ou menos.		
7. Desatendín as miñas tarefas por usar o móbil.		
8. Algunha vez tiven problemas na clase por usar o móbil indebidamente.		
9. Cheguei a poñerme nervioso ou agresivo por non poder usar o móbil.		
10. Prefiro falar polo móbil antes que quedar con amigos: falo con máis persoas e pásoo mellor.		

NORMAS E RECOMENDACIÓNS PARA UN BO USO DO MÓBIL

- Facer un uso do móbil adecuado ás necesidades do momento concreto: chamar, recibir unha mensaxe ou un whatssApp, etc. Non debe supoñer unha dependencia constante.
- En reunións familiares ou de amigos, esquecerse do móbil e involucrarse nas conversacións.
- Non durmir co teléfono ao lado: desta maneira evítase revisar e actualizar constantemente as aplicacións.
- Limitar o uso do aparello: a cantidade de tempo e os momentos en que se utiliza (respectar as horas de clase, estudo, descanso, xogos, deporte...).
- Responsabilizarse dos propios gastos de móbil.

LEMBRA: O teléfono móbil serve para facilitarnos as cousas e axudarnos, non para nos controlar: nós debemos controlar o móbil e non o móbil a nós.

O valor da amizade

OBXECTIVOS

- Dar a coñecer o concepto de amizade e as características que a definen.
- Reflexionar sobre a diferenza que hai entre ter amigos e ter coñecidos, e acerca do significado da amizade.
- Transmitir os valores asociados á amizade.

CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión preguntándolles aos alumnos o que consideran eles que é a amizade, se teñen moitos amigos, que trazos ou calidades valoran neles, se pensan nos seus compañeiros de clase como amigos, etc. Pode proxectar unha curtametraxe sobre o tema da amizade de entre as recomendadas no apartado seguinte para motivar os alumnos a reflexionar e falar sobre este tema. (Duración aproximada: 15 minutos).
- A continuación, o titor pide aos alumnos que continúen a súa reflexión a partir da ficha de traballo «A amizade». Terminada esta dinámica, realízase unha posta en común para ver cales son as frases máis elixidas polos alumnos e comentalas na clase. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Baseándose nas respostas e os comentarios dos alumnos, o titor explica o concepto de amizade e as características que definen esta relación, diferenciando entre amigos (elíxense) e coñecidos (non se elixen). O titor fala dos valores que acompañan a amizade (lealdade, coherencia, tolerancia, comunicación, xenerosidade, agradecemento, superación, afinidade, etc.) e do que achegan os verdadeiros amigos. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Finalmente, o titor pide aos alumnos que completen, individualmente, a ficha de traballo «Os meus amigos». Para terminar a sesión, realízase unha posta en común das respostas e o titor escribe no encerado os trazos da amizade que os alumnos consideran máis positivos. (Duración aproximada: 10 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- Amizade: «Sentimento de afecto e confianza entre amigos» (Diccionario da Real Academia Galega).
- Tres curtametraxes interesantes para propoñer unha reflexión sobre o concepto de amizade cos alumnos son as seguintes:
